

CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

Resolución do 11 de febreiro de 2009 pola que se aproban as bases que rexerán o proceso selectivo para a cobertura dun posto de persoal laboral temporal Técnico/a superior diplomado/a en informática (grupo II categoría 27), mediante o nomeamento de persoal interino.

I. Normas xerais:

I.1. Obxecto da convocatoria.

É obxecto desta convocatoria a selección e contratación dun Analista Programador/a (grupo II).

Serán cometidos do posto de traballo os seguintes:

- a) Análise e deseño de aplicacións:
 - Análise de requirimentos e descrición detallada do software.
 - Análise, deseño e arquitectura orientado a obxectos.
 - Aplicación de linguaxes de modelado.
- b) Desenvolvemento de aplicacións:
 - Programación estruturada de aplicacións ou orientada a obxectos.
 - Desenvolvemento de aplicacións cliente/servidor, modulares e escalables.
 - Desenvolvemento de aplicacións en entorno WEB.
- c) Realización de probas e documentación de aplicacións:
 - Depuración, validación de datos e probas de usuario.
 - Aplicación de técnicas de detección de erros.
 - Redacción de manuais técnicos de aplicacións.
 - Redacción de manuais de usuario.
- d) Mantemento de aplicacións:
 - Mantemento e mellora de aplicacións.
 - Desenvolvemento de parches ou novas versións.
- e) Análise e deseño de bases de datos:
 - Deseño de bases de datos a partir do modelo conceptual.
 - Modelado relacional e/ou orientado a obxectos.
- f) Minería de datos e xestión de datos corporativos (Data Warehouse):
 - Carga ou extracción masiva de datos.
 - Integración de datos de bases de datos distribuídas
 - Integración de datos de bases de datos documentais.
 - Xeración de consultas complexas sobre as bases de datos.
 - Xeración de informes a partir de datos dos sistemas.
 - Realización de cálculos e obtención de conclusións sobre os resultados.
- g) Administración e configuración de SXBD:
 - Xestión de contas de acceso e autorizacións.
 - Control de integridade, confidencialidade, dispoñibilidade de datos.
 - Realización de copias de seguridade dos SXBD.
 - Monitorización e optimización do rendemento.
- h) Relacións e interlocucións:
 - Atención técnica ó resto do persoal do consorcio.
 - Asistencia técnica a membros do consorcio.
 - Provedores de produtos ou servizos adquiridos polo consorcio.

I.2. Requisitos dos candidatos.

I.2.1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

I.2.1.1. Nacionalidade: ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados

internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que os habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se atopen en situación de residencia temporal, os que se atopen en situación de residencia permanente, os que se atopen en situación para residir e traballar, así como os refuxiados.

1.2.1.2. Idade: ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos traballadores.

1.2.1.3. Titulación: Estar en posesión do título académico de enxeñeiro técnico en informática de xestión, enxeñeiro técnico en informática de sistemas, diplomado en informática, enxeñeiro en informática ou licenciado en informática antes da fin do prazo de presentación de solicitudes.

1.2.1.4. Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

1.2.1.5. Habilitación: non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

1.2.2. Todos os requisitos enumerados nas anteriores bases deberán posuírse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso selectivo.

1.3. Solicitudes.

1.3.1. Os que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán facelo constar mediante a instancia que figura no anexo I desta convocatoria.

Xunto coa instancia presentárase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou pasaporte.

Os aspirantes estranxeiros que residan en España deberán, ademais, presentar unha fotocopia cotexada da tarxeta de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se é o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de traballador comunitario fronteirizo en vigor.

Os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, ben por residir no estranxeiro ben por atoparse en España en réxime de estadía, deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento de identidade ou pasaporte.

Os familiares dos anteriores deberán presentar unha fotocopia cotexada do visado e, se é o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta ou xustificante

de ter solicitado a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non ter solicitado estes documentos, deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo do parentesco, e unha declaración xurada ou promesa do español, do nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e do nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, co que existe este vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social para aqueles aspirantes que teñan experiencia laboral.

c) A documentación acreditativa dos méritos que se aleguen que se deberán referir á data da publicación desta resolución.

1.3.2. A presentación de solicitudes farase no Rexistro do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (r/ Hórreo, 61, 1º. Santiago de Compostela) ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dirixiranse á directora deste.

No caso de presentaren a solicitude nun lugar distinto do Rexistro do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, as persoas solicitantes deberán remitir por Fax (nº 881.031.005) ao consorcio unha copia da solicitude, o mesmo día da súa presentación.

1.3.3. As solicitudes deberán ser presentadas no prazo máximo de cinco días hábiles a partir do seguinte ao de publicación do anuncio desta convocatoria.

1.4. Admisión de aspirantes.

1.4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, a directora do consorcio ditará resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do consorcio e na que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión.

1.4.2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, se é o caso, o defecto que motivase a exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación destas peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a lista definitiva de admitidos e excluídos.

1.4.3. Unha vez transcorrido o dito prazo, a dirección do consorcio ditará resolución definitiva. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante esta orde. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento.

1.4.4. Co fin de garantir unha maior celeridade no seu desenvolvemento, todas as reclamacións e alegacións que formulasen as persoas aspirantes unha vez iniciado o proceso selectivo só poderán ser presentadas no Rexistro do Consorcio.

1.5. Publicación das actuacións.

Os anuncios que afecten o proceso selectivo serán publicados no taboleiro de anuncios do consorcio.

II. Proceso selectivo:

O procedemento de selección será o de concurso.

II.1. Fase de concurso:

Os/as aspirantes achegarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen, acompañando os documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas, xa que, non se tomaran en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Os méritos a valorar e a súa puntuación, será a seguinte:

a) Experiencia laboral

a.1.) Polos servizos prestados nas administracións ou entes públicos en postos de similares características e funcións ao posto que se opta: 0,6 puntos por mes traballado.

a.2.) Polos servizos prestados nas administracións públicas na categoría profesional á que se opta: 0,1 puntos por mes traballado.

No caso de servizos prestados nas administracións públicas a experiencia profesional deberase acreditar mediante a certificación da persoa responsable correspondente da área ou departamento de persoal. Xunto á certificación achegarase un informe en que se describan as funcións desempeñadas no/s período/s contratado/s.

A suma das puntuacións dos apartados a.1.), a.2.) non poderá exceder de 8 puntos.

b) Actividades formativas: ata un máximo de 4 puntos.

Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do posto a que se opta realizados nas administracións públicas, escolas da administración pública, universidades, INEM, os organizados polas sociedades científicas ou colexios profesionais, así como os cursos homologados que teñan informe favorable da comisión da formación continua da Comunidade Autónoma de Galicia, ou ben, posúan certificación de financiamento polo Fondo Social Europeo:

- Ata as primeiras 25 horas: 0,1 puntos.
- Por cada hora que exceda dese número : 0,01 puntos por hora.

Se non se acredita a duración entenderase de ata 25 horas.

Os documentos xustificativos dos cursos serán: títulos orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non se terán en conta, nin se valoraran aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación das instancias.

c) Por titulación

Por posuír unha titulación académica distinta a da requirida na convocatoria como requisito imprescindible para o acceso:

- Título de doutor: 2,00 puntos.
- Título de licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a o equivalente: 1,50 puntos.
- Título de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a o equivalente: 1,00 punto.

Só se computará a titulación de mais nivel dos alegados.

Os documentos xustificativos serán: títulos orixinais ou fotocopias compulsadas.

d) Coñecemento do galego: só se valorará o grao superior alegado:

- Grao de iniciación: 0,50 puntos.
- Grao de perfeccionamento: 1,00 puntos.

Os méritos enumerados nas bases deberán referirse á data da publicación desta convocatoria.

Os méritos e datos imprescindibles a que se refiren os puntos anteriores deberán acreditarse documentalmente no momento da presentación das solicitudes. No caso de servizos prestados nalgunha administración pública por medio de certificación expedida polo correspondente responsable de persoal.

Non serán valorados os méritos que non resulten acreditados.

II.2. Entrevista persoal.

Os aspirantes realizarán unha entrevista persoal que versará sobre os contidos propios do posto de traballo e do seu currículo persoal que será valorada cun máximo de 10 puntos.

III. Tribunal: Relación de membros dos tribunal:

Presidenta

Nome: Victoria Millor Rego

Titulación: Licenciada en Xeografía e Historia. Especialidade de Arquivística e Biblioteconomía

Cargo: Directora do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia

Secretario

Nome: Valme Cid Pozo

Titulación: Enxeñeira Técnica Informática

Cargo: Persoal externo

Vogal

Nome: María del Mar Rego López

Titulación: Licenciada en Documentación

Cargo: Xestora de Documentación

Suplentes

Nome: Bárbara González Núñez

Titulación: Licenciada en Xeografía e Historia

Cargo: Bibliotecaria

Nome: Begoña Rodríguez Agoure

Titulación: Licenciada en Documentación

Cargo: Xestora de Documentación

Nome: Carmen M. Balsa Breijo

Titulación: Diplomada en Turismo

Cargo: Encargada de Administración.

IV. Contratación e, presentación de documentos.

Ao rematar o proceso selectivo confeccionarase unha relación coa puntuación acadada, en orde descendente.

O/a primeiro/a aspirante da lista, será o/a único/a contratado/a.

Por resolución da dirección do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia elevarase a definitiva a proposta do tribunal do/a aspirante que superou o proceso selectivo, notificándosele ao interesado/a.

O/a aspirante proposto/a para o contrato deberá presentar no prazo de 2 días hábiles contados a partir da publicación do resultado do concurso no taboleiro do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

a) Fotocopia compulsada do título esixido na base I.2.1.3 ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a obtención do título ou, se é o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Cumpridos os anteriores requisitos, será contratado en réxime de interino ata a cobertura definitiva mediante un posterior proceso selectivo, con efectos da data de sinatura do respectivo contrato.

O/a aspirante contratado/a disporá dun prazo de 5 días hábiles para tomar posesión no seu destino.

V. Norma derradeira:

Os actos administrativos que deriven desta convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, a Administración poderá, se é o caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal conforme o previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2009

Victoria Millor Rego. Directora técnica do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia

ANEXO I

SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROCESO SELECTIVO DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA (BUGALICIA) PARA O POSTO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL GRUPO II TÉCNICO/A SUPERIOR DIPLOMADO/A EN INFORMÁTICA MEDIANTE O NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO

Datos persoais:

Sexo Home Muller

DNI

Apelidos

Nome

Nacemento:

Data

Concello

Provincia / País

Teléfono:

Fixo

Móbil

Enderezo:

Rúa / Praza / Número

Concello

Provincia / País

E-mail:

Títulos académicos oficiais:

1 Denominación

Centro de expedición

Localidade

2 Denominación

Centro de expedición

Localidade

3 Denominación

Centro de expedición

Localidade

Experiencia profesional:

	Traballo desenvolvido	Duración
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		

Cursos e actividades formativas alegadas:

	Curso ou actividade formativa	Duración (horas)
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		
6.		

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso selectivo ó que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignado nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e as especialmente sinaladas na convocatoria anteriormente citada, e comprométese a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

En, a de de 200

Sinatura: